



e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou por correo na forma indicada no prego de cláusulas administrativas particulares. No caso de que o último día coincida en sábado ou festivo, o prazo de presentación finalizará o seguinte día hábil.

IV. Apertura de proposicións: a apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas do Hospital Clínico Universitario ás 10.00 horas do décimo día natural contado a partir do seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de ofertas; se o dito día coincide en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o seguinte día hábil.

V. Documentación que deberán achegar os licitadores: a documentación que figura no prego de cláusulas administrativas particulares.

VI. Anuncios: os anuncios do presente concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2004.

María José López Rebollo
Directora de Recursos Económicos e Servizos
Xerais do Complexo Hospitalario Universitario
de Santiago de Compostela

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (PES-4/2003).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 6 de setembro de 2004, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar definitivamente o Plan especial de infraestrutura e dotacións para o elevador panorámico ao Monte de San Pedro e recuperación ambiental da canteira, elaborado polo enxeñeiro industrial Antonio Álvarez-Buylla Pardo por iniciativa do Concello da Coruña.

Segundo.-Publicar o acordo conforme o disposto no artigo 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no prazo máximo dun mes, no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP.

Este acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra el, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir

do día seguinte a aquel en que se practicou a notificación ou, se é o caso, a publicación; todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que coide pertinente.

O que se publica para xeral coñecemento e para producir os efectos previstos neste acordo.

A Coruña, 17 de setembro de 2004.

Francisco Vázquez Vázquez
Alcalde

CONCELLO DE FERROL

Anuncio de licitación.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Ferrol.

b) Dependencia que tramita o expediente: Sección de Servizos, Obras e Contratación.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: reurbanización da rúa Navegantes.

b) Prazo de execución: dous meses.

3. Financiamento do contrato:

Para atender as obrigas derivadas del existe crédito suficiente no orzamento da corporación con cargo á aplicación orzamentaria 05000-5111-60102.

4. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación do expediente: trámite ordinario.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: poxa.

5. Orzamento base de licitación:

Sínálase como tipo de licitación: 104.359,20 € incluído o IVE.

6. Garantías:

Provisional: 2.087,18 €.

7. Obtención da documentación e información:

a) Entidade: Concello de Ferrol.

b) Dependencia: Sección de Servizos.

c) Enderezo: praza de Armas, s/n.

d) Localidade e código postal: Ferrol-15402.

e) Teléfono: 981 94 40 70.

f) Fax: 981 94 40 28.

g) Data límite de obtención de documentos e información: o último día do remate da presentación das ofertas.